

# Viagens da Saudade

## **Coordenação**

Maria Celeste Natário

Paulo Borges

Luís Lóia

## **Organização**

Cláudia Sousa

Nuno Ribeiro

Rodrigo Araújo

Porto

2019

FICHA TÉCNICA

**Título: Viagens da Saudade**

Coordenação: Maria Celeste Natário  
Paulo Borges  
Luís Lóia

Organização: Cláudia Sousa  
Nuno Ribeiro  
Rodrigo Araújo

Editor: Universidade do Porto. Faculdade de Letras

Ano de edição: 2019

ISBN: 978-989-8969-26-2

DOI: <https://doi.org/10.21747/978-989-8969-26-2/viag>

URL: <https://ler.letras.up.pt/site/default.aspx?qry=id022id1671&sum=sim>

Oscar Parcero Oubiña \*

## Saudades dinamarquesas

### Resumo:

O presente trabalho propõe-se fazer uma primeira aproximação à «viagem» dinamarquesa da Saudade, ou seja, apresentar umas primeiras reflexões a respeito das possíveis afinidades da saudade nessa língua e cultura particular. Mais exatamente, o trabalho centra-se na leitura filosófica da saudade, e procura, para além de algumas outras afinidades que possam ser apresentadas preliminarmente, as equivalências conceptuais que podem existir.

**Palavras-chave:** Saudade, Angústia, *Længsel*, *Sehnsucht*, Nada

### Danish «saudades»

### Abstract:

This paper aims to make a first approach to the Danish «voyage» of *Saudade*, i.e., it aims to present some initial reflections on possible affinities of *Saudade* in that particular language and cultural context. More precisely, the paper focuses on a philosophical reading of *Saudade*, as it tries to find, beyond other specific parallelisms that may be presented preliminary, the conceptual equivalences that could be identified.

**Keywords:** *Saudade*, Anxiety, *Længsel*, *Sehnsucht*, Nothingness

---

\* Universidade de Santiago de Compostela (USC). E-mail: oscar.parcero@usc.es.

*Saudade*: unha palabra, un sentimento, un concepto, unha experiencia, un fenómeno, unha manifestación,... Como queira que a denominemos, a saudade é adoito identificada como algo específico do contexto lingüístico-cultural galego-portugués. Será que pode ter a saudade equivalentes noutros dominios lingüísticos-culturais, ou talvez é algo endémico do noso propio contexto e, como tal, en rigor inexistente fóra del? Non é o noso propósito responder esta cuestión, que, como é sabido, xa xerou un dos debates máis coñecidos a respecto da saudade<sup>714</sup>. Sexa que se trata dunha verdadeira equivalencia ou sexa que só poidamos falar de máis modestas afinidades, a nosa intención límitase a explorar un posíbel encontro da saudade; un ben en particular: aquel coa lingua e cultura dinamarquesas. Máis en concreto aínda, e dadas as limitacións de espazo, centrarémonos nun único enfoque ou lectura do que é o máis amplo fenómeno da saudade, a saber: o que podemos denominar unha lectura filosófica – ou ontolóxica, xa máis especificamente.

### **1. A modo de prolegómeno: as sendas da viaxe**

Pensar a «viaxe» da saudade a outros ámbitos culturais equivale, cando menos, a pensar tres cousas diferentes, ao tempo que complementarias; estas son: «a palabra», «o motivo» e «o concepto», ou o que é o mesmo, o punto de vista da tradución, ou da lingua; o punto de vista da literatura; e o punto de vista da filosofía. Pois «saudade» é unha palabra que precisa ser lingüísticamente traducida; «saudade» é un motivo literario cuxo uso poético pode ser rastrexado, en maior ou menor medida, noutras literaturas; e «saudade» ten unha lectura filosófica que pode –máis aínda, *debe*– ser tamén explorada noutros contextos, sen que esta exploración –cómpre subliñar– se vexa aprioristicamente limitada polo que poida antes decidirse desde un punto de vista estritamente lingüístico.

Xa dixemos que destes tres enfoques<sup>715</sup> preocúpanos atender un deles en particular, o que chamamos a perspectiva da filosofía. Con todo, antes de nos centrar nesta, é preciso apuntar

---

<sup>714</sup> Referímonos moi particularmente, como se pode supoñer, á coñecida polémica entre António Sérgio e Teixeira de Pascoaes. Pódese consultar en: PASCOAES, Teixeira de – António SÉRGIO, «A polémica com António Sergio», *in*: T. PASCOAES, *A Saudade e o Saudosismo (dispersos e opúsculos)*, Assírio & Alvim, Lisboa 1988, pp. 97-154.

<sup>715</sup> E habería máis, certamente: un enfoque psicolóxico, un enfoque sociolóxico, un enfoque político,... O alcance do suxerido pola palabra é amplo, sen dúbida; porén se esta amplitude obedece a algo máis do que a unha mera continuidade lingüística, semella que só poida ser porque por tras da palabra encontramos o concepto, e este pode despois revelarse das moitas maneiras en que nos podemos aproximar a el – sendo a fin de contas a lingüística, ben curiosamente, só unha máis.

minimamente algo a respecto das outras dúas perspectivas mencionadas, na medida en que dalgún modo constitúen o fundamento para a nosa aproximación filosófica.

Así, e en primeiro lugar, se nos poñemos na pel do tradutor e nos preguntamos como *dicir* «saudade» en dinamarqués encontramos, o primeiro, unha evidencia máis do carácter intraducíbel do termo. Non hai nesta lingua unha palabra que satisfactoriamente traduza «saudade» – como seguramente non haxa en ningunha outra, como é ben sabido. Poderíamos identificar unha especie de campo semántico, conformado por diversos termos, que recolla toda a coloración da nosa expresión, mais non unha palabra que por si soa a cubra na súa integridade. Sexa como for, e na medida en que non é este agora o noso propósito, chegue dicir que, ante a necesidade de ofrecer unha tradución de «saudade» ao dinamarqués, esta sería –é o noso ditame– *Længsel*, unha palabra que, para quen non estea familiarizado coa lingua dinamarquesa, abondará dicir que é en moi boa medida análoga á alemá *Sehnsucht*, coincidindo con esta en identificar unha «afinación» afectiva (*Stemning*, en dinamarqués; *Stimmung*, en alemán) na que coincide a procura (*suchen*, en alemán) do que se arela por sentirse a súa falta (*sehnen*), e de aí a *sehnen-suchen* que é a *Sehnsucht*. Pois ben, tamén así en dinamarqués *Længsel* expresa esa mesma conxunción de recoñecer unha *ausencia* e, simultaneamente, ansiar unha *presenza*. Valla, complementaria e moi simplemente, a definición de *Længsel* que nos ofrece o monumental Dicionario da Lingua Dinamarquesa (ODS)<sup>716</sup>: «*den følelsestilstand, at man længes (efter noget); især: dyb, varig følelse af en paa savn hvilende attraa efter noget fraværende ell. Tilkommende*» [«estado emocional consistente en que se arela algo; nomeadamente, sentimento profundo, perdurábel, dun desexo [*attrå*] de algo ausente ou por vir que descansa sobre unha carencia»].

Avanzamos sen máis demora na cuestión lingüística. Unha vez identificado o noso termo dinamarqués, o seguinte paso sería explorar a súa presenza como motivo poético na literatura para afondar na procura de afinidades coa saudade. Neste caso, a nosa exploración tería que pasar, principalmente, pola literatura romántica, onde a priori poderíamos recoñecer unha «literatura dinamarquesa da saudade». O problema, porén, é que se xa na lingua a afinidade non era de todo satisfactoria, esta empobrécese aínda ben máis na literatura, onde encontramos un tratamento da *Længsel* máis dispar con respecto á nosa saudade.

---

<sup>716</sup> *Ordbog over det danske Sprog*, 28 vols, Danske Sprog- og Litteraturselskab, Copenhagen 1919 (dispoñíbel on-line: ordnet.dk).

Moi brevemente, podemos sintetizar esta disparidade indicando que o movemento romántico en Dinamarca foi caracterizado por unha significativa tendencia neutralizadora do potencial de revolta implícito en figuras que resultaban, na altura e lugar, claramente inspiradoras, como era o caso de Heine, o de Byron ou o de Hugo –por mencionar exemplos de tres contextos diferentes–, as cales a cultura hexemónica dinamarquesa contrarrestaría por medio dunha dominante estética da harmonía e un dualismo optimista, moi vinculados á cultura *Biedermeier*, ben presente na Dinamarca decimonónica<sup>717</sup>. Poderíase así dicir que este marco cultural, dominante na época en Dinamarca, mitigaría, en boa medida, a significativa tensión daquela dialéctica de ausencia e presenza tan característica da saudade que encontrabamos potencialmente no termo lingüístico *Længsel*; unha tensión por así dicir resolta, neutralizada, *asumida*<sup>718</sup>.

Non é o noso propósito –repetimos unha vez máis– dar conta das afinidades e distancias na literatura, que merecerían un estudo á parte. Ora ben, é relevante termos presente ese horizonte na medida en que nos serve para pór o acento sobre a distancia entre *Længsel* e Saudade, xa manifesta lingüisticamente, e con iso repensar máis libremente, por así dicir, as nosas posíbeis analoxías; reconsiderar a fondo, en fin, en que maneira a saudade viaxa a terras dinamarquesas. É desta reconsideración que parte a nosa proposta do que consideramos o punto de vista filosófico, a cal nos leva do concepto de Saudade ao tratamento dun outro concepto aparentemente diverso e (só) a priori distanciado: o concepto de Angustia.

## 2. Afinidades conceptuais: Saudade e Angustia

En solución de continuidade, comecemos citando a Ramón Piñeiro, voz autorizada, como pioneiro en reflexionar sobre a dimensión filosófica da Saudade: «E xa temos aquí unha das fontes de confusión cando se quere tratar de saudade, pois ás veces desígnase o seu contido con verbas distintas e ás veces emprégase a propia verba «saudade» para designar outros sentimentos»<sup>719</sup>.

---

<sup>717</sup> A este respecto, pódese consultar o seguinte traballo: CONRAD, Flemming, *Romantik (1800-1870)*, in *Arkiv for dansk litteratur*, 2004 (dispoñíbel on-line: adl.dk); ou tamén o estudo que Hans Hertel dedica particularmente á figura de Peder Ludvig Møller e, con este, a literatura romántica dinamarquesa: HERTEL, Hans, «P.L. Møller and Romanticism in Danish Literature», in: J. STEWART (ED.), *Kierkegaard and His Contemporaries. The Culture of Golden Age Denmark*, Walter de Gruyter, Berlin 2003, pp. 356-372. Abonden estas dúas referencias ao respecto.

<sup>718</sup> Enténdase por *asumir* tanto un facerse cargo como un elevarse: no noso caso, facerse cargo da tensión elevándose por encima dela. É obvia a afinidade co *aufheben* xermánico, tan significativo no Idealismo hegeliano, que non por acaso mencionamos, xa que este tivo na mesma cultura dinamarquesa que estamos a referir unha moi significativa e influínte presenza. Nótese, por outro lado, que o dinamarqués conta cun termo equivalente ao alemán, *ophæve*.

<sup>719</sup> PIÑEIRO, Ramón, «Para unha filosofía da saudade», in: *Filosofía da saudade*, Galaxia, Vigo 1984, pp. 45-80; p. 46.

«O seu contido», escribe Piñeiro. Que tipo de contido exploramos? A que nos referimos ao falar do punto de vista filosófico sobre a saudade? Pois é claro que a filosofía pódenos dar puntos de vista moi diversos, e de feito así o fai. No noso caso, centrarémonos na lectura que recoñece na saudade, *antes que* outra cousa, un «fundamental encontrarse»<sup>720</sup>, unha «vivencia orixinaria»<sup>721</sup> do ser humano que pon de manifesto a súa esencia ontolóxica.

Para facilitar a presentación da cuestión servirémonos doutros traballos previos ao respecto, como é o caso, para comezar, de «Campanas de Bastabales (Meditación sobre Rosalía)», de Celestino Fernández de la Vega<sup>722</sup>, brillante ensaio no que o filósofo lucense identifica xa Saudade e Angustia, como nós tamén aquí. Importante, non obstante, é que Fernández de la Vega pensa moi particularmente na angustia heideggeriana, tal como esta é analizada en *Ser e tempo*. Confrontando esta coa lectura que Ramón Piñeiro fai da saudade conclúe Fernández de la Vega: «... la teoría de la saudade de Piñeiro y la interpretación ontológica de la angustia de Heidegger coinciden plenamente. Saudade es igual a angustia»<sup>723</sup>.

Exactamente, en que coinciden saudade e angustia, de acordo coa lectura de Fernández de la Vega? Fundamentalmente, (a) en careceren de obxecto, (b) en revelaren aquel «encontrarse» fundamental «como algo previo e independente de toda representación y voluntad»<sup>724</sup>, o que Piñeiro chama «soidade ontolóxica»<sup>725</sup>, e (c) na súa ambigüidade ou duplicidade, unha vez que o «nada» que produce angustia é tanto negativo (ausencia) como positivo (presenza). Subliñamos estes tres aspectos e con eles avanzamos.

É relevante ter presente que o propio Ramón Piñeiro respondería máis tarde a Fernández de la Vega, corrixindo o que, no parecer daquel, constitúe un malentendido na interpretación deste. Para Piñeiro, a saudade é unha «vivencia orixinaria de plena significación ontolóxica», un «sentirse a si mesmo» que desvela o *entre* do ser humano: entre a «soidade do ser» e a «transcendencia na

---

<sup>720</sup> Así a caracteriza Heidegger no coñecido parágrafo 40 de *Ser e tempo*. Para Heidegger, o «ser no mundo» [*In-der-Welt-sein*], como tal, é «o ante que» [*das Wovor*] da angustia, ou sexa: a angustia prodúcese polo propio encontrar-se no mundo do Dasein – para empregarmos a propia terminoloxía heideggeriana (HEIDEGGER, Martin, *Sein und Zeit*, Max Niemeyer, Tubinga 1986 [1927], p. 186; Cf. tradución española de José Gaos: HEIDEGGER, Martin, *El ser y el tiempo*, Fondo de Cultura Económica, Madrid 1993, p. 206).

<sup>721</sup> PIÑEIRO, Ramón, «Para unha filosofía da saudade», ed. cit., p. 36.

<sup>722</sup> FERNÁNDEZ DE LA VEGA, Celestino, «Campanas de Bastabales (Meditación sobre Rosalía)», in: *Ensaio a proba de tempo*, Galaxia, Vigo 2009, pp. 49-74 (publicado orixinalmente en *7 ensaios sobre Rosalía*, Galaxia, Vigo 1952).

<sup>723</sup> Ibid., p. 70.

<sup>724</sup> Ibid., p. 69.

<sup>725</sup> PIÑEIRO, Ramón, «Para unha filosofía da saudade», ed. cit., p. 49.

procura do ser» (entre a *ausencia* e a *presenza*)<sup>726</sup>. Como tal, é un «sentimento ontolóxico puro» que –repárese– se distingue do «sentimento *existencial* puro» propio da angustia heideggeriana, explica Piñeiro<sup>727</sup>. A diferenza, e nela o que sería o erro de Fernández de la Vega, encontrámola na temporalidade: mentres que a saudade se proxecta cara a atrás, cara á *orixe*, a angustia faino cara a adiante, cara ao *futuro*, o porvir.

Ao noso modo de ver, a observación de Piñeiro é acertada: a saudade non responde propiamente a unha proxección temporal cara a un porvir, senón que está relacionada coa orixe propia, e é experienciada en virtude dunha «soidade do ser», en palabras do propio Piñeiro. Ora ben, cremos tamén que non por iso esta necesaria puntualización desautoriza a identificación de saudade e angustia, que malia todo seguimos considerando válida. Por que? Moi simplemente, porque pensamos na angustia tal como é analizada, antes de Heidegger, por Kierkegaard<sup>728</sup>.

Non imos detérmonos agora a contrastar a lectura heideggeriana da angustia co seu antecedente kierkegaardiano. O noso propósito é mostrar as afinidades entre a lectura ontolóxica da saudade que fai, por exemplo, o propio Ramón Piñeiro, e a lectura da angustia que encontramos en Kierkegaard (o primeiro, como é sabido, en reivindicar un estatuto filosófico para «o concepto de angustia», en 1844). A este respecto debemos destacar que, segundo Kierkegaard:

(a) A angustia é un sentimento, mais non un mero sentimento. A este respecto é ben significativo xa o mesmo título do texto kierkegaardiano: *O concepto de angustia*. Este xorde en clara resposta a determinadas lecturas (que podemos remontar no tempo, por exemplo até Kant) que circunscribían a angustia ao ámbito do meramente sensorial<sup>729</sup>. Ao falar, provocadoramente,

---

<sup>726</sup> PIÑEIRO, Ramón, «Significado metafísico da saudade», in: *Filosofía da saudade*, Galaxia, Vigo 1984, pp. 19-44; p. 37.

<sup>727</sup> PIÑEIRO, Ramón, «Para unha filosofía da saudade», ed. cit., p. 55.

<sup>728</sup> Antes e mellor, deberíamos dicir, en xustiza. Kierkegaard non só leva a cabo unha análise da angustia moito máis propia, pausada e profunda do que a puntual inserción que Heidegger fai en *Ser e tempo*. Para alén disto, e como ten sido xa sobradamente argumentado, a lectura do propio Heidegger débese, en moi boa medida, a unha lectura do texto kierkegaardiano que adolece, con todo, dunha certa lixeireza a respecto do tratamento que o dinamarqués desenvolve ben polo miúdo. Abonde dicir (para unha pequena nota a rodapé que non pretende desviar o foco de atención) que a famosa nota do mesmo Heidegger, na que minusvaloraría a achega kierkegaardiana, erra na súa interpretación do que Kierkegaard realmente leva a cabo en *O concepto de angustia*. Con outras palabras, a influencia de Kierkegaard en Heidegger non só parece ter sido bastante máis relevante do que este último quixo recoñecer, senón que a cuestión que ocupa ao alemán na súa máis coñecida obra encóntrase xa, en boa medida, na obra kierkegaardiana. Para unha lectura un pouco máis pausada da cuestión pódese consultar: MAGURSHAK, Dan, «The Keystone of the Kierkegaard-Heidegger Relationship», in: R. L. PERKINS (ed.), *International Kierkegaard Commentary: The Concept of Anxiety*, Mercer University Press, Macon 1984, pp. 167-195.

<sup>729</sup> Kierkegaard supera así a limitada valoración que vía na angustia unha mera sensación análoga á presente en calquera animal; a angustia sería, en tal caso, algo que nos equipara aos animais, desprazábel, en consecuencia, desde un punto de vista filosófico, contrariamente ao que nos elevaría por riba deles, que tería dignidade de consideración especulativa. Nótese como Kierkegaard, con manifesta vontade polémica, decide titular a súa obra, precisamente, *O*



de «concepto», Kierkegaard eleva a angustia ao rango filosófico, por así dicir. Como a saudade, a angustia é un sentimento e «un algo máis».

(b) Por outro lado, a angustia non ten obxecto – ou, para dicir mellor, o obxecto da angustia é *nada*.

(c) E finalmente, a angustia é de natureza ambigua; ten plena e permanente ambivalencia. Kierkegaard fala, a este respecto, de «axitada tranquilidade»<sup>730</sup>, de «ambigüidade psicolóxica (...) unha antipatía simpática e unha simpatía antipática»<sup>731</sup>, e así a angustia é algo do que non se pode fuxir e algo que non se pode, tampouco, amar<sup>732</sup>.

Pois ben, estas tres características, que Kierkegaard analiza polo miúdo en *O concepto de angustia*, encontrámolas igualmente explicitadas por Ramón Piñeiro a respecto da saudade. Tamén para este último a saudade é máis do que un sentimento, vese definida pola súa natureza dialéctica, e tamén por carecer de obxecto – se ben, como igualmente di Kierkegaard da angustia, poida darse, impropriamente, a respecto dun obxecto<sup>733</sup>.

En consecuencia, angustia e saudade coinciden, e fano salvando a atinada observación de Piñeiro. Pois é que para Kierkegaard a relación entre o «fundamental encontrarse» da angustia e a temporalidade non é a mesma que en Heidegger. Como «fundamental encontrarse» a angustia revela a orixe do *ser* humano e a súa proxección cara á eternidade, ou sexa cara á plenitude. Por iso Kierkegaard di tamén da angustia que ela «educa para a fe»<sup>734</sup>, o que non significa outra cousa que a realización da mesma plenitude, cuxa presenza, en forma de ausencia, trae consigo a angustia – a saudade.

Para completarmos este paralelismo, imos referir un terceiro estudo previo, desta volta de Andrés Torres Queiruga, que nos pon en bandexa a nosa afinidade da saudade coa angustia<sup>735</sup>. En certa

---

*concepto de angustia*. Esta vontade polémica podería entenderse no contexto máis inmediato dalgúns contemporáneos, como por exemplo Johann Ludvig Heiberg, que tería recollido e desenvolvido a antedita exclusión, xa presente, polo demais, nun autor como o propio Kant: así, na súa *Antropoloxía desde o punto de vista pragmático*, tal como refiren os responsábeis da tradución española de *O concepto de angustia* (KIERKEGAARD, Søren, *Migajas filosóficas. El concepto de angustia. Prólogos (Escritos 4/2)*, trad. de Darío González e Oscar Parcerro, Trotta, Madrid 2016, p. 272, nota 76).

<sup>730</sup> Ibid., p. 141.

<sup>731</sup> Ibid., p. 160.

<sup>732</sup> Ibid., p. 161.

<sup>733</sup> Ibid., p. 187.

<sup>734</sup> Ibid., p. 265.

<sup>735</sup> TORRES QUEIRUGA, Andrés, *Nova aproximación a unha filosofía da saudade*, Real Academia Galega, A Coruña 1981. Trátase do discurso lido por Torres Queiruga con motivo do seu ingreso como membro da *Real Academia Galega*. O discurso estaría complementado coa resposta do propio Ramón Piñeiro, mentor de Torres Queiruga.

analogía coa lectura kierkegaardiana –non porque faga referencia a ela, que non é o caso– Torres Queiruga vincula a saudade á plenitude, á relación co absoluto, ao tempo que a interpreta tamén como un *entre*: entre a presenza e a ausencia, sendo a presenza da plenitude identificada como felicidade<sup>736</sup> e a ausencia de plenitude identificada como angustia. No *entre*: a saudade, como un «estado de equilibrio dinámico e non resolto, onde o Absoluto é aínda para o home ausencia-presencia»<sup>737</sup>, así como unha epifanía do *ser* do ser humano, el mesmo un *entre* pendente de *resolución*.

Como dicimos, esta exposición da saudade identifícase coa que Kierkegaard fai da angustia, cunha única obxección, polo demais evidente, unha vez que Torres Queiruga fala explicitamente da angustia, porén faino para situala nun dos polos entre os que *ten lugar* a saudade. Non concordamos neste punto con Torres Queiruga, e permitímonos reformular a mesma relación referida empregando a propia analítica kierkegaardiana, na medida en que mantemos a nosa tese, que identifica a angustia coa saudade. O que o teólogo galego denomina «angustia» corresponderíase en tal caso, máis precisamente, co que Kierkegaard chama «desespero», que por certo xa etimoloxicamente (no galego, non así do dinamarqués, onde a etimoloxía vai noutra dirección<sup>738</sup>) se nos evidencia como unha falta de esperanza pola felicidade procurada – ou sexa, nun encamiñarse no sentido do polo oposto. A angustia, precisamente por carecer de obxecto, precisamente pola súa ambivalencia, e precisamente pola súa relación coa liberdade<sup>739</sup>, non debe ser vista como o contraposto á felicidade, entendida como plenitude, senón máis ben como o seu «pre-sentimento» en tanto que horizonte de realización –*presenza*– do *ser* do ser humano.

Imos concluíndo. Farémolo cunha cita do mesmo Kierkegaard que cremos ilustra ben o que vimos dicindo. Non é a respecto da angustia, senón da felicidade, mais entendemos que procede moi

---

<sup>736</sup> Por momentos Torres Queiruga fala de «esperanza», intercambiando de maneira algo confusa os conceptos. Non concordamos con esta alternancia conceptual, pois esperanza non é felicidade – e moito menos se consideramos a dupla terminolóxica desde o punto de vista da lectura de Kierkegaard pola que, en certa medida, nos estamos a conducir.

<sup>737</sup> TORRES QUEIRUGA, Andrés, *Nova aproximación a unha filosofía da saudade*, ed. cit., p. 41. O propio Torres Queiruga afonda nesta identidade do «entre» humano, remitindo ás categorías heideggerianas de *Mitwelt* e *Mitmensch*, ás que el mesmo propón engadir «o ser *con-Deus*» (Ibid., p. 44).

<sup>738</sup> Noutra dirección non menos interesante, por certo: *Fortvivelse* (desespero) nace de *Tvivl* (dúbida): o desespero enténdese así como unha radicalización da dúbida, como unha dúbida que arrebatou o individuo plenamente, e non só o seu entendemento. Novamente podemos referir a analogía co alemán, no que *Verzweiflung* (desespero) nace tamén dunha radical *Zweifel* (dúbida).

<sup>739</sup> Nótase que no precedente non falamos da importante relación entre a angustia e a liberdade, a cal, polo demais, completaría o paralelismo: pois igual que despois Ramón Piñeiro a respecto da saudade, xa Kierkegaard vincula a angustia á liberdade, definíndoa como «realidade da liberdade en tanto que posibilidade ante a posibilidade» KIERKEGAARD, Søren, *Migajas filosóficas. El concepto de angustia. Prólogos (Escritos 4/2)*, ed. cit., p. 160.

particularmente, unha vez que esta é definida *saudosamente* como a posibilidade da *presenza*, o que completa a nosa lectura:

Que é felicidade, ou ser feliz? É ser presente a un mesmo en verdade; mais ser presente a un mesmo en verdade é este “agora”, este ser agora, en verdade ser agora. E na mesma medida en que sexa máis verdadeiro que ti es agora, na mesma medida en que sexas máis ti mesmo ben presente en ser agora, nesa mesma medida, o mañá da desgraza non existe para ti. A felicidade é o tempo presente con todo o acento en: o tempo presente.<sup>740</sup>

Repárese como nesa *presenza* sitúa Kierkegaard a felicidade. A angustia, como a saudade, é o orixinario darse da presenza en tanto que ausencia. A *Længsel* da que falabamos no inicio, como a *Sehnsucht* xermánica, sería xa, máis ben<sup>741</sup>, a necesaria actividade de procura producida pola ausencia. En termos kierkegaardianos: un desespero pola presenza ou «a esperanza da fe», para evocar o título dun texto de Kierkegaard que nos fala, xustamente, destas cousas tan saudosas<sup>742</sup>.

### Referencias bibliográficas

CONRAD, Flemming (2004), «Romantik (1800-1870)». In: *Arkiv for dansk litteratur*, (dispoñíbel on-line: adl.dk).

FERNÁNDEZ DE LA VEGA, Celestino (2009), «Campanas de Bastabales (Meditación sobre Rosalía)». In: *Ensaio a proba de tempo*, Vigo: Galaxia, pp. 49-74.

HEIDEGGER, Martin (1986), *Sein und Zeit*, Tubinga: Max Niemeyer.

HEIDEGGER, Martin (1993), *El ser y el tiempo*, trad. De José Gaos, Madrid: Fondo de Cultura Económica.

HERTEL, Hans (2003), «P.L. Møller and Romanticism in Danish Literature». In: STEWART, Jon (ed.), *Kierkegaard and His Contemporaries. The Culture of Golden Age Denmark*, Berlin: Walter de Gruyter, pp. 356-372.

KIERKEGAARD, Søren (1998), «Troens Forventning [A esperanza da fe]». In: *Søren Kierkegaards Skrifter*, vol. 5, Copenhague: GAD-Søren Kierkegaard Forskningscenteret, pp. 15-37.

---

<sup>740</sup> KIERKEGAARD, Søren, *Lilien paa Marken og Fuglen under Himlen. Tre gudelige Taler [O lirio no campo e o paxaro baixo o ceo. Tres discursos devocionais]*, in: *Søren Kierkegaards Skrifter*, vol. 11, GAD-Søren Kierkegaard Forskningscenteret, Copenhague 2006, p. 43 (tradución propia).

<sup>741</sup> Non por iso impugnamos o dito inicialmente; polo contrario, mantemos o criterio de que *Længsel* é, ligüisticamente, a máis acertada opción para traducir *saudade*. O desencontro entre as afinidades das palabras e as dos conceptos evidencia que as linguas se desenvolven con moita máis complexidade do que unha mera designación eidética. Talvez por aquí iría unha posíbel resposta á cuestión inicial respecto do carácter particular ou universal da saudade; unha cuestión que non abordamos porén corre en paralelo ao aquí desenvolvido.

<sup>742</sup> KIERKEGAARD, Søren, «Troens Forventning [A esperanza da fe]», *To opbyggelige Taler [Dous discursos edificantes]*, in: *Søren Kierkegaards Skrifter*, vol. 5, GAD-Søren Kierkegaard Forskningscenteret, Copenhague 1998, pp. 15-37.

- KIERKEGAARD, Søren (2006), *Lilien paa Marken og Fuglen under Himlen. Tre gudelige Taler* [O lirio no campo e o paxaro baixo o ceo. Tres discursos devocionais]. In: *Søren Kierkegaards Skrifter*, vol. 11, Copenhagen: GAD-Søren Kierkegaard Forskningscenteret.
- KIERKEGAARD, Søren (2016), *Migajas filosóficas. El concepto de angustia. Prólogos (Escritos 4/2)*, trad. de Darío González e Oscar Parceró, Madrid: Trotta.
- MAGURSHAK, Dan (1984), «The Keystone of the Kierkegaard-Heidegger Relationship», in: R. L. PERKINS (ed.), *International Kierkegaard Commentary: The Concept of Anxiety*, Macon: Mercer University Press, pp. 167-195.
- Ordbog over det danske Sprog* (1919), 28 vols, Copenhagen: Danske Sprog- og Litteraturselskab (disponíbel on-line: ordnet.dk).
- PASCOAES, Teixeira de – António SÉRGIO (1988), «A polémica com António Sergio». In: T. PASCOAES, *A Saudade e o Saudosismo (dispersos e opúsculos)*, Lisboa: Assírio & Alvim, pp. 97-154.
- PIÑEIRO, Ramón (1984), «Significado metafísico da saudade». In: *Filosofía da saudade*, Vigo: Galaxia, pp. 19-44.
- PIÑEIRO, Ramón (1984), «Para unha filosofía da saudade». In: *Filosofía da saudade*, Vigo: Galaxia, pp. 45-80.
- TORRES QUEIRUGA, Andrés (1981), *Nova aproximación a unha filosofía da saudade*, A Coruña: Real Academia Galega.